

INFORME - PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

Visto o Decreto do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, don Pablo Permuy Villanueva de data 30/08/2023 de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto a Proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da Ordenanza fiscal núm. 201, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, asinada polo Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, na data 31/08/2023.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local de data 06/09/2023 co conforme da Asesoría Xurídica de data 07/09/2023.

Visto o anteproxecto de modificación da da Ordenanza fiscal núm. 201, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos de data 07/09/2023.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo de data 11/09/2023.

Visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de data 12/09/2023.

Visto o informe do Interventor Xeral Municipal de data 15/09/2023.

En razón do exposto, ao abeiro do artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 201, reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 201 IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

Modifícase o punto dous do artigo 13º, que queda redactado como segue:

2. O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación calculado conforme ao disposto nos artigos anteriores e segundo o período de xeración do incremento de valor, será o seguinte:

FACENDA LOCAL

ICB/icb

Refª: ispac1839820321958694157.doc

Asunto: Modificación Ordenanzas Fiscais ano 2024 _ 2023/G004/

Periodo de generación	Coficiente
Inferior a 1 ano.	0,15
1 ano.	0,15
2 anos.	0,14
3 anos.	0,15
4 anos.	0,17
5 anos.	0,18
6 anos.	0,19
7 anos.	0,18
8 anos.	0,15
9 anos.	0,12
10 anos.	0,10
11 anos.	0,09
12 anos.	0,09
13 anos.	0,09
14 anos.	0,09
15 anos.	0,10
16 anos.	0,13
17 anos.	0,17
18 anos.	0,23
19 anos.	0,29
Igual ou superior a 20 anos.	0,45

Se, como consecuencia da actualización dos coeficientes máximos establecidos no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, algún dos coeficientes anteriores resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa o devandito exceso.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Elevar ao Excmo. Concello Pleno o devandito proxecto aprobado, para a súa aprobación inicial.

TERCEIRO.- Someter a exposición pública o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios deste Concello durante o prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES,

a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

A devandita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última das dúas publicacións referidas; entenderase como definitivo o acordo provisional de non se presentaren reclamacións a el durante o mencionado período, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

CUARTO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2024 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Asinado dixitalmente pola Xefa do Servizo de Facenda Local, Isabel Carbonés Bosch, co conforme do Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, don Ángel Pablo Permuy Villanueva, na data que se indica á marxe.